

CONVENIO DE COOPERACIÓN EDUCATIVA ENTRE A VICEPRESIDENCIA SEGUNDA E CONSELLERÍA DE ECONOMÍA, EMPRESA E INNOVACIÓN DA XUNTA DE GALICIA E A UNIVERSIDADE DE VIGO PARA REALIZAR PRÁCTICAS ACADÉMICAS EXTERNAS NO LABORATORIO OFICIAL DE METROLOXÍA DE GALICIA.-

MEMORIA XUSTIFICATIVA

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais da Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación da Xunta de Galicia, **DECLARA:**

Que esta Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais formalizou coa Universidade de Vigo o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 29 de outubro de 2021 ata o 28 de outubro de 2025.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Regular un programa de prácticas académicas externas entre a Universidade de Vigo e a Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación para facilitar a preparación para o exercicio profesional do estudiantado en áreas operativas do Laboratorio Oficial de Metroloxía de Galicia relacionadas coa súa formación universitaria e as posibles saídas profesionais desde os estudos cursados na Universidade de Vigo.

Que existe converxencia de intereses entre as entidades asinantes en orden á consecución do obxecto referido.

Que o instrumento convencional que se asina fundaméntase no seguinte:

A Vicepresidencia segunda e Consellería de Economía, Empresa e Innovación e a Universidade de Vigo consideran de gran utilidade para o alumnado universitario unha primeira toma de contacto co mundo laboral antes da obtención da súa titulación; e quere ofrecerlle a posibilidade de completar a súa formación académica e adquirir unha experiencia profesional a través da realización de prácticas no Laboratorio Oficial de



Metroloxía de Galicia. Este laboratorio, adscrito á Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais, apoia con carácter horizontal ao tecido industrial en actividades relacionadas coa medida, a través dunha ampla carteira de servizos tecnolóxicos.

Estas prácticas permitirán aos estudantes aplicar os coñecementos teóricos adquiridos nas aulas, sendo os principais obxectivos das mesmas o de coñecer a realidade laboral á que se incorporarán tras acabar os seus estudos, adquirir experiencia e habilidades profesionais e aplicar na práctica real dun centro produtivo os coñecementos adquiridos durante os estudos.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2 da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria, en Santiago de Compostela,

A directora xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais

Paula Uría Traba

Dirección Xeral de Planificación Enerxética e Recursos Naturais
Edificio Administrativo San Caetano s/n, bloque 5, 4ª Planta
15781 Santiago de Compostela

Este documento está asinado electronicamente. Para a súa comprobación poderá entrar na páxina web institucional que se indica ao marxe e inserir o Código de Verificación Electrónica (CVE).

